

## PERFIL DO CONTRATANTE

### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "PROXECTO PARA A REHABILITACION PARA USO RECREATIVO DO SOUTO DA FEIRA DE SANTA BAIA DE MONTES", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de xullo de 2008, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Proxecto para a rehabilitación para uso recreativo do Souto da feira de Santa Baia de Montes", financiada con cargo a fondos FEDER, da Comunidade Autónoma e do Concello, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2008, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 14 de xullo de 2008, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Construcciones Gonzalez Loureiro S.L, conforme á acta levantada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 28 de xuño de 2007, da competencia para a contratación de obras que non superen un ano.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primero.-** Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Construcciones GONZALEZ LOUREIRO S.L., por un importe de 90.715,33 euros (IVE e demais tributos incluídos).

**Segundo.-** Notificarlle este acordo ós licitadores e publicalo no perfil do contratante.

**O ALCALDE**

**Fdo. LUCIANO RIVERO CUQUEJO.**